

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014738	CPI Plurilingüe dos Dices	Rois	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	4º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	14

1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanza de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

O CPI dos DICES é un centro situado no concello de ROIS. Recibe alumnado de sete parroquias do concello. O número de alumnos e alumnas que elixen a opción de relixión católica oscila entre o 40 e o 50 por cento, se ben nos últimos anos nótase certa tendencia a baixar, en consonancia coa realidade sociolóxica xeral.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1				1	1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Regálame a natureza.	Céntrase na natureza como regalo e creación de Deus.	6	X		
2	¿Por qué poñemos o belén?	Céntrase no Nadal no contorno e no relato bíblico do nacemento de Xesús	6	X		
3	Son feliz cando me coidas.	Céntrase nos xestos de amor e a xenerosidade	6		X	
4	¿Cómo saudar a Xesús?	Céntrase na Semana Santa no contorno e no Domingo de Ramos	6		X	
5	Alégranme os bos anuncios	Céntrase en Xesús e a Virxe María	6			X
6	Gústame ir a túa casa	Céntrase no coñecemento das expresións cristiás e na igrexa	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Regálame a natureza.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunhas actividades cotiás básicas	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - Identidade cristiá e contorna social.

UD	Título da UD	Duración
2	¿Por qué poñemos o belén?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	E quen de escoitar e de dar as grazas	TI
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.

Contidos

- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A oración de Xesús.

UD	Título da UD	Duración
3	Son feliz cando me coidas.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Recoñece actitudes de respecto nas narracións de relatos Bíblicos	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.
- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.

Contidos

- expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- Identidade cristiá e contorna social.
- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
4	¿ Cómo saudar a Xesús?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacíficas.	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.
- expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
5	Alégranme os bos anuncios	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción ou oración das aprendidas	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A figura da Virxe María.

UD	Título da UD	Duración
6	Gústame ir a túa casa	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa	TI
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Valoración das relacións sociais, en especial da amizade. - A vida cristiá en comunidade. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás. - A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Biblia infantil
Materiais para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...)
Imaxes de distintas producións artísticas relacionadas co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura)
Fichas de Relixión Católica 3 anos (Ed. Anaya)
Materiais audiovisuais

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elementos relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X		X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X					
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X		X			
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X	X			
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A área de Relixión é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importante traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañerismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir. axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade...

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Tarxetas e adornos de Nadal	Con distintos tipos de materiais faremos tarxetas e adornos para regalar no Nadal.	X		
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende oo equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.		X	
Pascua	Realizaremos adornos, mandalas con diferentes materiais para felicitar a pascua		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.

Metodoloxía empregada
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Medidas de atención á diversidade
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Outros
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.
Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión
Busco un clima de benestar cos meus compañeiros.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas respostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos recursos de aula. A estrutura física do colexio (ten tres andares) dificulta os desprazamentos do alumnado de infantil, especialmente en 4 anos e temos que utilizar a biblioteca de infantil, o que fai que as veces non dispoña dos recursos necesarios.

9. Outros apartados